



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

ALEJANDRA PARDO VÁZQUEZ, Secretaria do Concello de Cariño (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local , na súa sesión ordinaria celebrada en data 15/02/2022, adopta, entre outros, o seguinte

ACORDO:

6.- OUTROS

6.1.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN HORARIOS HOSTELERÍA DURANTE O ANO 2022 (EXPDTE 2022/X998/000007).

No DOG 29-Bis, do venres 11 de febreiro de 2022 sae publicada a **ORDE do 11 de febreiro de 2022 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece o seguinte:

(...)Terceiro. *Modificación da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Un. Modifícase o parágrafo 3 do punto 3.1 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será o establecido na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas».

Dous. Modifícase o parágrafo 4 do punto 3.2 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«4. O horario límite de peche ao público será o establecido na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas».

Cuarto. *Modificación da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.*



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

Un. Modifícase o parágrafo 3 do punto 4.1 do anexo da Orde do 29 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será o establecido na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas».

Dous. Modifícase o parágrafo 3 do punto 4.2 do Anexo da Orde do 29 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será o establecido na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas». (...)

A ORDE do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, publicada no DOG 219, de 30 de outubro de 2020, establece:

(...) Artigo 8. *Modificacións de horarios.*

1. De acordo co artigo 17.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os horarios xerais poderán ser ampliados ou reducidos nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 desta orde.

2. Corresponderalles aos respectivos concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Artigo 9. *Ampliacións de horarios.*

1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas. (...).

Tal e como indica a propia lexislación, o Entroido, a Semana Santa, o Nadal e as festas patronais e romerías de cada parroquia do Concello de Cariño son datas significativas para a veciñanza, datas nas que veciños e veciñas que non están residindo no Concello volven para ver aos seus familiares e amigos.

Cariño, como vila mariñeira, recibe tamén nesas datas a moitos visitantes, que veñen a coñecer o noso territorio e a disfrutar da nosa cultura, a nosa gastronomía e as nosas festas.

Considerando que vivimos unha época de pandemia provocada pola Covid-19, período complicado, especialmente para o sector da hostalería e ocio nocturno, con continuos peches e recortes no seu horario. As festas de Entroido, semana santa, Nadal e as patronais son unha oportunidade para axudar ao sector e permitir paliar as perdas ocasionadas pola pandemia.

A Xunta de Galicia ten publicado dúas normas: O Plan de Hostalería segura e o Plan de Lecer Nocturno, documentos aprobados polas autoridades sanitarias e de obrigado cumprimento polo sector, que minimizan o risco de contaxio da covid-19.

Debido ao incremento da poboación e ao arraigo das festas antes nomeadas na veciñanza do Concello; para poder permitir o disfrute de ditas festas para todo o mundo; para axudar economicamente ao sector da hostalería e lecer, A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, e en votación ordinaria,

ACORDA:

PRIMEIRO: Ampliar dúas horas o horario de peche nos establecementos abertos ao público e a finalización de espectáculos públicos e actividades recreativas nas seguintes datas:

- Entroido: entendendo como tal dende o xoves de Entroido ata o mércores de cinza, ambos incluídos



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

- Semana Santa, polo período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos
- Noite do 23 de xuño, San Xoán.
- Na parroquia de A Pedra, durante as festas de San Antonio, A Milagrosa e Nosa Señora.
- En Cariño, durante a festa das Angustias, festa do Carme, Festa da Caldeirada e da Sardina Lañada e durante o San Bartolo.
- En Feás, durante as festas de San Pedro e Os Remedios.
- En Landoi, durante as festas de Santiago Apóstol e Santa Ana.
- En Sismundi, durante as festas do Carme e de San Esteban.
- En Nadal, dende o 22 de decembro ata o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

SEGUNDO: Determinar que dita ampliación de horario estará en vigor sempre e cando as autoridades sanitarias non dicten norma que estableza outros horarios e medidas.

TERCEIRO: Os establecementos abertos ao público e a organización dos diferentes espectáculos públicos, festas e verbenas están obrigados a cumprir en todo momento a lexislación aplicable, así como todas as medidas de prevención da covid-19.

CUARTO: Notificar o presente acordo á Subdelegación do Goberno, á Garda Civil e a Policía local.

E para que conste os efectos oportunos expido a presente por orde e co visto e prace do Alcalde, coa salvidade que establece o artigo 206 do ROF, en Cariño, a dezaoito de febreiro de dous mil vinte e dous, de todo o que eu, Secretaria, Certifico.

Vº e Pce

O alcalde

Asdo: José M. Alonso Pumar

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE